

SALARIOS DIGNOS

contra a carestía da vida

NA CIG tomamos a decisión de mobilizarnos como Central Sindical para denunciar socialmente a perda constante, durante estes anos, da capacidade adquisitiva dos salarios. Diferentes causas poden explicar as razóns polas que a clase traballadora está pagando un tributo a modo de imposto, no que unha parte importante das nosas retribucións son transferidas á contabilidade e beneficios das empresas; e cando os índices de pobreza dispáranse en Galiza, asociados a baixos salarios e pequenas pensións.

Unha das razóns máis importantes para explicar este retroceso nas rendas dos traballadores e traballadoras, ten que ver co Pacto de Contención Salarial que dende o ano 2002 asinan en Madrid os Sindicatos UGT e CCOO cos Empresarios. Neste pacto acordan que os Convenios Colectivos incrementen inicialmente o IPC previsto do 2%, cando saben que o resultado final da inflación será sempre superior a esta cifra, (no 2007 o 4,2%). Tamén saben que moitos Convenios non terán revisión salarial, e moitos outros non compensarán con carácter retroactivo a diferenza entre IPC previsto e IPC real a final de ano.

As cúpulas de CCOO e UGT non parece importarlles as evidencias de distintos indicadores que denuncian un retroceso importante do peso dos salarios no P.I.B (Produto Interior Bruto) , mentres en sentido contrario os beneficios das empresas crecen nunha constante esaxerada mais de 3 puntos. Por esta razón a CIG demanda incrementos dignos de salarios nos Convenios que negociamos en Galiza, e naqueles Convenios nos que temos representa-

ción maioritaria non permitimos, nin permitiremos, a aplicación do Pacto asinado en Madrid. Loitando acadamos melloras que aseguran a capacidade adquisitiva dos salarios.

Tamén temos maiores dificultades para chegar a fin de mes porque o IPC non mide debidamente os efectos da inflación nas economías mais modestas da clase traballadora. A carestía da vida aféctanos especialmente polos incrementos nos produtos básicos de consumo, nos carburantes e na vivenda. Os prezos dos alimentos no seu conxunto medraron no 2007 un 6,6%, pero determinados alimentos como o pan e os cereais subiron un 10,6% e os lácteos, queixo e ovos incrementáronse o 18,1%. Estas son as subidas que verdadeiramente afectan á economía da clase traballadora, xunto coa vivenda que nos últimos anos subiu mais do 15% de media. Pero a compra da vivenda e as hipotecas, non está contabilizada no IPC. Os Gobernos manipulan este índice para que a inflación sexa menor e deste xeito as subas de salarios, das pensións e das prestacións públicas son tamén menores.

O día 21 de Febreiro a CIG mobilízase en Compostela contra a perda da capacidade adquisitiva dos salarios e pola carestía da vida. Participa con nós para acadar salarios dignos nos nosos Convenios en Galiza, non permitindo que CCOO e UGT refuxiados nun pretendido “ Diálogo Social Permanente” sigan asinando Pactos cos Empresarios nos que o reparto da riqueza que creamos sexa tan inxusta e desigual. Os empresarios mais ricos e a clase traballadora mais pobre.

MANIFESTACIÓN EN COMPOSTELA O DÍA 21 DE FEBREIRO

CIG 200602

CIG
Confederación Intersindical Galega
www.galizacig.com